



Imaxe tirada da AELG

Seguindo a convocatoria da AELG para o Día de Rosalía de Castro de 2022, traballamos nas clases de 2º, 3º e 4º de ESO o **haiku**.

Analizamos este tipo de poema e animamos o alumnado a crear os seus, tendo en mente os pensamentos, as ideas, o feito de escribir, a liberdade.... conceptos todos dos que Rosalía de Castro trata en moitas das súas composicións.

Tal com'as nubes

Qu'impele o vento

Y agora asombran, y agora alegran

Os espaços inmensos d'o ceo,

Así as ideas

Loucas qu'eu teño

As imaxes de multiples formas

D'estranas feituradas, de cores incertos,

Agora asombran,

O fondo sin fondo d'o meu pensamento.

En 2º da ESO crearon algúns haikus, pero tamén se compuxeron **outros poemas**.

Álex Beiro Provincial compuxo un poema que ten moito que ver coa poesía de Rosalía, no feito de se poñer na voz dos que sofren, das clases populares, dos traballadores, dos desprotexidos. O poema céntrase na traxedia mariñeira producida no mar de Terra Nova, onde afundiou o barco Vila de Pitaxo de Marín. Sirva esta creación de Álex, **“No medio do mar”** para lles facer unha homenaxe a toda a tripulación do barco.



MABEL RODRÍGUEZ

Tirada de La Voz de Galicia, 22-2-22

“No medio do mar”

Alí no medio do mar
onde os ventos choran
barcos afunden
e mariñeiros afofan.

Fondos mariños repletos de barcos
petroleiros, transatlánticos e pesqueiros
todos caen na tentación do mar.
E todos afofan no seu contento.

Fan fendas no fondo máis fondo
e alí deixan o seu recordo.
De todo o que levaban
e dos que dentro ían a bordo.

María Mouzo Casais escribiu un poema onde tamén se conecta coa Rosalía defensora das nais, esas nais que sofren polos traballos dos fillos e reflexiona sobre a dor das que perden fillos nas inxustas e crueis guerras.

“Gotas de dor”

Esas gotas de auga
mesturadas con sangue,
aquelas derramadas
de xente inocente.

Aquelas nais chorando
polos fillos que morren,
matándose por un país.

Traballando, e non pra si,
pra gañarse o traballo,
pra poder sobrevivir,
pra poder ser felices.

Todas esas loitas
con armas de inocentes,
mortes inxustas polas balas.

Campos de batalla
cheos de bágoas e sangue
provocados polos xefes,
de moi egoísta pensar.

En 4º de ESO compuxeron haikus. Deixamos aquí algunha mostra:

Buscar ser libre
pensar na liberdade
crer que se pode.

José Domingo Díaz Santiago 4º

Podo ser vento
pero se non son libre
quédome sombra.

J. Ramón Beiro Tajés 4º

O pensamento
define liberdade
e as ideas.

Ainhoa Bañuelos Caamaño, 4º

Vento mareiro
de pensamento libre
ideas sombrías.

Gabriel Tajés González 4º



A libre sombra
movidá polo vento
dá que pensar.

Ismael García Caamaño 4º

Vento do monte
que comparte cantarelas
do *sauce* boxeador.

Arón Caamaño Caamaño, 4º

A liberdade
cambia o pensamento
para ser ceibe.

Ainhoa Bañuelos Caamaño, 4º